# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



**Capela da Santa Cruz de Vilán**
**na parroquia de Fornelos de Montes**
*na Unidade Pastoral d´Os Cotos*

# PRIMEIRO DÍA

# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



## SANTA MARÍA,
## NAI QUE ACOLLE A TODOS

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Por todos os crentes en Cristo, en comuñón con María, Nai da Igrexa. Recemos xuntos

*Por todas as persoas que están enfermas, en comuñón con María, consolo dos aflixidos. Recemos xuntos

*Por todas as persoas que viven as consecuencias da violencia, da guerra, da discriminación, en comuñón con María, Raiña da Paz. Recemos xuntos

*Por todas as persoas adicadas á ensinanza e que nestes días se dispoñen para comezar un novo curso nas escolas, en comuñón con María, trono da sabedoría. Recemos xuntos

*Por nós e polas nosas familias, en comuñón con María, Nai no fogar de Nazaret. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# SEGUNDO DÍA

## NOVENA DA NOSA SEÑORA

## DAS MILAGRES



## SANTA MARÍA, NAI E PEREGRINA NA NOSA TERRA

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

# 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Para que toda a igrexa amemos coma Xesús nos ensinou, e sigamos o seu evanxeo como fixo Santa María. Recemos xuntos
* Para que como Santa María aprendamos a sementar ao noso arredor amor, esperanza e xenerosidade. Recemos xuntos
* Para que na nosa comunidade medre a prosperidade, a boa convivencia, a paz e a solidariedade. Recemos xuntos
* Para que os empobrecidos, os enfermos, os que se senten abandonados e os que perderon toda esperanza, atopen en Santa María alento, e en nós cristiáns mans de irmáns. Recemos xuntos
* Para que as persoas que teñen a responsabilidade de gobernar o fagan dende a procura da dignidade para todos os homes e mulleres. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# TERCEIRO DÍA

## NOVENA DA NOSA SEÑORA

## DAS MILAGRES



SANTA MARÍA,

NAI QUE OFRECE UNHA MAN

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Lémbrate das persoas tristes e aflixidas, das abandonadas e enfermas. Recemos xuntos

* Lémbrate das persoas que non coñeceron a felicidade, de todas as que non atoparon amigos e viven na soidade e no olvido. Recemos xuntos

* Lémbrate das persoas que sofren a guerra, dos feridos e dos que están lonxe. Recemos xuntos

* Lémbrate das persoas que están sen fogar, das que viven sen dereitos e das que son desprezadas por seren distintas. Recemos xuntos

* Lémbrate das persoas que nunca escoitaron as túas palabras. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# CUARTO DÍA

# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



SANTA MARÍA,

NAI CHEA DE AMOR E AGARIMO

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Señor, dános un corazón sen portas para acoller a todas as persoas. Recemos xuntos
* Fainos comprender que todos somos irmáns, que a gran casa do mundo é unha casa onde todos teñen cabida, e que todo o que hai nela pertence a todas as persoas. Recemos xuntos
* Concédenos vivir de tal xeito que sexamos capaces de transformar todas as inxustizas, procurando un mundo máis solidario. Recemos xuntos
* Axúdanos a facer medrar a unidade nos nosos fogares, e tamén na nosa parroquia aproveitando estes días de festa. Recemos xuntos
* Acórdate tamén de todos os nosos veciños e veciñas que ao longo da súa vida traballaron pola nosa parroquia e ensináronnos que traballar xuntos é posible. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# QUINTO DÍA

# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



## SANTA MARÍA,
## RAIÑA NA TERRA E NO CEO

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Ti que fixeches a Santa María nai de misericordia, fai que as persoas que se atopan en perigo sintan a súa protección maternal. Recemos xuntos
* Ti que encomendaches a María a misión de nai de familia, fai que pola súa intercesión todas as familias promovamos o amor e a paz. Recemos xuntos
* Ti que fortaleciches a María cando estaba ao pé da cruz e a enchiches de gozo na Resurrección, levanta e fortalece a esperanza dos decaídos. Recemos xuntos
* Ti que fixeches que María meditase as túas palabras no seu corazón, pola súa intercesión fai de nós fieis servidores e discípulos do evanxeo. Recemos xuntos
* Ti que coroaches a María como raiña do ceo, fai que os nosos familiares e benfeitores defuntos poidan conseguir, con todos os santos, a felicidade do teu Reino. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# SEXTO DÍA

# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



SANTA MARÍA,

NAI QUE NOS LEVA A XESÚS

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos a Cristo a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Cristo, Palabra eterna, que ao vir ao mundo anunciácheslle a alegría á terra: alegra os nosos corazóns coa graza da túa visita. Recemos xuntos
* Salvador do mundo, que co teu nacemento reveláchesnos a fidelidade de Deus nas súas promesas: fai que nós sexamos tamén coherentes coas promesas do noso bautismo. Recemos xuntos
* Rei do ceo e da terra, que anunciaches a paz: conserva as nosas vidas na túa paz. Recemos xuntos
* Señor, ti que viñeches para ser a vida verdadeira: fai que permanezamos sempre en ti e deamos froito abondoso. Recemos xuntos
* Señor, ti que nos deches como Nai á túa Nai María: fai que as nosas palabras e os nosos feitos sexan resposta axeitada ao amor que ti nos amosaches. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# SÉTIMO DÍA

# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



## SANTA MARÍA,
## TESTEMUÑA DO RESUCITADO

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos a Cristo a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Cristo Salvador, ti que es luz para iluminar as nacións: ilumina aos que non te coñecen, para que crean no Deus verdadeiro. Recemos xuntos
* Redentor noso, ti que es a gloria do teu pobo Israel: enaltece e énchenos de vida a todos os que facemos a Igrexa entre os pobos. Recemos xuntos
* Xesús o desexado de todas as nacións, de quen viron a salvación os ollos do xusto Simeón: atrae á túa salvación a todas as persoas. Recemos xuntos
* Señor, na túa presenza foille anunciada a María, unha espada de dor: dálles fortaleza aos que sofren tribulación no teu santo servizo. Recemos xuntos
* Cristo, benaventuranza dos santos, visto por Simeón antes de morrer, como era o seu ardente desexo: móstrate para sempre a aqueles que, despois da morte, teñen sede da túa vida. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# OITAVO DÍA

# NOVENA DA NOSA SEÑORA

# DAS MILAGRES



SANTA MARÍA,
NAI QUE NOS ENCAMIÑA
AO REINO DE DEUS

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

# 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Deus, admirable sempre nas túas obras, que quixeches que a Inmaculada Virxe María participase da gloria de Xesucristo: fai que todos os teus fillos desexemos e camiñemos cara esta mesma gloria. Recemos xuntos
* Ti que fixeches de María a chea de graza: concédenos a abundancia dos teus dons a todas as persoas. Recemos xuntos
* Fai, Señor, que a túa Igrexa teña un só corazón e unha soa alma, e que todos perseveremos unánimes na oración con María. Recemos xuntos
* Ti que coroaches a María como Raíña do ceo: fai que os nosos familiares e benfeitores defuntos poidan acadar con todos os santos a felicidade do teu Reino. Recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# NOVENO DÍA

## NOVENA DA NOSA SEÑORA

## DAS MILAGRES



SANTA MARÍA, NAI DA IGREXA,
NOSA SEÑORA DAS MILAGRES

# 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé) @ monitor/a está na sé

**CANTO DE ENTRADA** ♫ XA NOS TES AQUÍ,
ou UNHA XUNTANZA DE AMOR,
ou QUE LEDOS HOXE ESTAMOS

**SAÚDO DE BENVIDA**

***Monitor/a***

Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa asamblea de esta tarde é a da Igrexa que quere mirar en María o modelo de como camiñar con Cristo.

Imos orar co rosario recorrendo os misterios da vida de Xesús e de María, deixándonos guiar pola Palabra de Deus nesta contemplación.

Que os nosos oídos se abran á voz do Señor e as nosas voces sexan resposta do querer facer evanxeo.

# 2.- REZO DO ROSARIO

## 3.-PRECES MARIANAS

***Monitor/a*** Presentemos ao Pai a nosa pregaria por intercesión de santa María das Milagres; oremos dicindo:

**SANTA MARÍA INTERCEDE POR NÓS**

* Nestes días nos que empeza a escola e a catequese queremos pedir por todas as nais para que xunto cos pais saiban e sexan capaces de encamiñar aos seus fillos. Recemos xuntos
* Pedimos para que na terra medren actitudes de paz e de boa convivencia. Recemos xuntos
* Pedimos para que as persoas que viven ao marxe da fe atopen en nós un exemplo que lles axude a descubrir en Deus a un Pai e en María a unha Nai. Recemos xuntos
* Hoxe que celebramos a fe na nosa Nai, pedimos: por todos os nenos e nenas que non teñen pan, por todos os que teñen que traballar sen escola, por todos os que sofren e viven sen esperanza. Por todos eles recemos xuntos

***Monitor/a*** Presentemos en silenzo as nosas pregarias e intencións á Señora das Milagres para que interceda por nós ante Deus

***(faise un instante de silenzo)***

# 4.- CANTO DA NOVENA E ORACIÓN

INÍCIASE O CANTO DA NOVENA
*páxinas 61-62*

REZAMOS XUNT@S
A ORACIÓN PARA TODOS OS DÍAS
*páxina 63*

# 5.- DESPEDIDA

***Monitor/a***

Que o Señor, por intercesión de Santa María,
nosa señora das Milagres,
nos bendiga †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén

# Rezo do Rosario
# MISTERIOS GOZOSOS (os luns)



*Primeiro misterio:* ***Santa María concibe a Xesús, o noso Salvador***

**Proclamación da Palabra de Deus** Lc 1, 26-38

Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaré, onda unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María.

Entrando onde estaba ela, díxolle:

-Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.

Ela estrañouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel.

O anxo continuou:

-Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fíxate, vas concebir no teu ventre e darás á luz un Fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reino non terá fin.

María contestou: -Velaquí a escrava do Señor, cúmprase en min o que dixeches.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Segundo misterio:* ***María, visita á súa curmá, santa Isabel***

**Proclamación da palabra de Deus** Lc 1, 39-45

Naqueles días saíu María con moita presa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor?

Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
**Ave María**
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

*Terceiro misterio:* ***Xesús, Fillo de Deus, nace na cova de Belén***

**Proclamación da palabra de Deus** Lc 2, 16-19

Foron os pastores ás carreiras e atoparon a María e mais Xosé, e á criatura deitada no pesebre. Ao que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Cuarto misterio:* ***Nosa Señora vai ao templo a presentar ao Neno Xesús***

**Proclamación da palabra de Deus** Lc 2, 22-24

E cando chegou o tempo da purificación, conforme á Lei de Moisés, Levaron o neno a Xerusalén, para o presentaren ao Señor (pois así está escrito na Lei do Señor: "Todo home primoxénito consagraredes ao Señor"), e tamén para faceren unha ofrenda, conforme se di na Lei do Señor: "Un par de rulas ou dous pombiños".

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Quinto misterio****: Perden o Neno Xesús, pero atópano no templo.***

**Proclamación da palabra de Deus** Lc 2,41-50

Polas festas de Pascua os pais ían todos os anos a Xerusalén. E así, cando o neno tivo doce anos, subiron á festa, conforme á tradición. Pasados aqueles días, cando eles volvían, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que os seus pais se decatasen.

Coidando que iría na comitiva, fixeron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñecidos. Pero como non deron con el, volveron a Xerusalén para buscalo. E resulta que, ao cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores e dialogando con eles.

Todos os que o escoitaban estaban asombrados do seu talento e das súas contestacións. Ao velo ficaron moi impresionados, e a súa nai preguntoulle:

-¡Meu fillo! ¿Como te portaches así connosco? Mira que o teu pai e mais eu andamos cheos de angustia na túa procura.

El respondeu:

-¿E logo por que me buscades? Seica non sabiades que eu teño que estar na casa do meu Pai?.

Pero eles no entenderon a resposta.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

**Seguimos coas letanías que están na páxina 57**

# Rezo do Rosario
# MISTERIOS DOLOROSOS
# (os martes e os venres)



*Primeiro misterio**: Xesús fai a súa oración na horta das oliveiras.***

**Proclamación da palabra de Deus** Mc 14, 32-38

Chegaron a un eido chamado Xetsemaní, díxolles aos discípulos:

-Sentade aquí, mentres eu vou orar.

E levando consigo a Pedro, Santiago e Xoán, empezou a sentir arrepío e angustia. E díxolles:

-Morro de tristura; quedade aquí e vixiade.

E avanzando un pouco, caeu no chan, rogando para que se fose posible pasase del aquela hora.

E dicía:

-Abba, meu Pai, ti pódelo todo, arreda de min este cáliz. Pero non se faga o que eu quero, senón o que queres Ti.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Segundo misterio*: ***Xesús é flaxelado***

**Proclamación da palabra de Deus** Mc 15,15

E Pilato, para compracer ao pobo, soltou a Barrabás; e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Terceiro misterio*: ***Póñenlle unha coroa de espiños na cabeza***

**Proclamación da palabra de Deus** Mc 15, 16-19

Os soldados levárono para dentro do pazo do gobernador, é dicir, do Pretorio, e chamaron a toda a compañía. Vestírono de púrpura, e trenzaron unha coroa con espiños e encaixáronlla. Empezáronlle a facer saúdos: ¡Saúde, rei dos xudeus! E cunha canivela dábanlle golpes na cabeza, cuspían nel e, axeonllándose, rendíanlle homenaxe.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo...***

## *Cuarto misterio:* ***Xesús sobe o camiño do Calvario coa cruz***

**Proclamación da palabra de Deus** Xn 19, 16-17

Daquela, Pilato entregóullelo a eles para que o crucificasen. Entón prenderen a Xesús. Cargando el mesmo coa cruz, saíu para o lugar chamado a Caveira, que se di Gólgota en hebreo.

Alí crucificárono, xunto con outros dous, un a cada lado, e Xesús no medio.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo...***

## *Quinto misterio:* ***Crucifican ao noso Redentor, que morre na cruz***

**Proclamación da palabra de Deus** Mc 15 , 25-27

Era a media mañá cando o crucificaron. Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: "O rei dos xudeus". Con el crucificaron tamén os dous bandidos.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

**Seguimos coas letanías que están na páxina 57**

# Rezo do Rosario
# MISTERIOS GLORIOSOS
# (os mércores, sábados e domingos)



## *Primeiro misterio:* ***Xesús resucita vitorioso da morte***

**Proclamación da palabra de Deus** Mc 16, 5-7

As mulleres foron ao sepulcro e viron un mozo vestido de branco, sentado, e quedaron espantadas. Pero el díxolles:

- Non vos espantedes. ¿Buscades a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí, resucitou. Mirade o lugar onde o puxeron.

Agora ídelles dicir aos discípulos que el vai diante de vós a Galilea; alí o veredes, como vos ten dito.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo...***

## *Segundo misterio*: ***Xesús fai a súa ascensión ao ceo***

**Proclamación da palabra de Deus** Lc 24, 50-53

Xesús foise cos apóstolos a un lugar preto de Betania, e alí, erguendo as mans, bendiciunos e mentres os bendicía, foise separando deles, e foi elevado ao ceo. Eles, despois de se prostraren ante el, volveron para Xerusalén cheos de alegría. E seguían decote, no templo, bendicindo a Deus.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Terceiro misterio*: ***Vén o Espírito Santo sobre os Apóstolos***

**Proclamación da palabra de Deus** Feit 2, 1- 4

Cando se cumpriron os días de Pentecostés estaban todos xuntos no mesmo sitio. De súpeto, veu do ceo un

ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando sobre cada un deles. Quedaron cheos do Espírito Santo.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Cuarto misterio:* ***Asunción ao ceo da nosa Señora, a Virxe María.***

**Proclamación da palabra da Igrexa** LG, 59

Por fin, a Virxe Inmaculada, preservada de toda culpa orixinal, rematou o decurso da súa vida terrea, e foi asunta en corpo e alma á gloria celestial.

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

### *Quinto misterio*: ***A Virxe, Santa María, é coroada como Raíña e Señora de toda a creación.***

**Proclamación da palabra da Igrexa** LG 59

E foi enxalzada polo Señor como Raíña universal para asemellarse de maneira máis plena ao seu Fillo, Señor de señores e vencedor do pecado e mais da morte.

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

**Seguimos coas letanías que están na páxina 57**

# Rezo do Rosario
# MISTERIOS LUMINOSOS
# (os xoves)



## *Primeiro misterio:* ***Xesús foi bautizado no río Xordán***

**Proclamación da palabra de Deus** Mt 3, 13-17

Xesús viña desde Galilea ao Xordán, para que Xoán o bautizase. Xoán trataba de impedilo dicindo:

- ¿Como vés ti onda min, se es ti quen me tes que bautizar a min?

Xesús respondeulle:

-Deixa agora, pois convén que cumpramos a vontade de Deus.

Xoán accedeu. Tan pronto como foi bautizado, Xesús saíu da auga. E velaí que se abriron os ceos, e viu o

Espírito de Deus baixar como unha pomba ata se pousar enriba del. E oíuse desde o ceo unha voz que dicía:

-Este é o meu fillo benquerido, o predilecto, escoitádeo.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Segundo misterio:* ***Xesús nas vodas de Caná***

**Proclamación da palabra de Deus** Xn 2, 1-11

Houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ao casamento. Chegou a faltar o viño e a nai de Xesús díxolle:

- Non che teñen viño.

Replicoulle Xesús:

- Muller ¿que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.

Súa nai díxolles entón aos servidores:

- Facede o que el vos diga.

Había alí seis tinallas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ao pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús:

- Enchede de auga as tinallas.

Eles enchéronas de todo.

Díxolles entón:

- Collede agora e levádelle a proba ao mestresala.

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña falou co noivo e díxolle:

- Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixaches o viño bo para agora.

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Terceiro misterio:* ***Xesús anuncia o Reino de Deus***

**Proclamación da palabra de Deus** Mc 1, 14-20

Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo:

- O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.

Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a Simón e mais a Andrés, seu irmán, largando o aparello no mar: eran pescadores. Díxolles Xesús:

- Vide comigo, e fareivos pescadores de homes.

E deixando de contado o aparello, seguírono. Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo de Zebedeo e mais a Xoán, seu irmán; estaban arranxando as redes na barca. E de seguida os chamou. Eles, deixando a seu pai, Zebedeo, e mailos seus tripulantes na barca, seguírono.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Cuarto misterio:* ***A transfiguración de Xesús***

**Proclamación da palabra de Deus** Lc 9, 28-36

Xesús colleu a Pedro, a Xoán e mais a Santiago e subiu ao monte a orar. Mentres estaba orando, cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus vestidos viraron brancos e resplandecentes. De súpeto apareceron dous homes falando con el; eran Moisés e mais Elías. Tiñan un aspecto glorioso e falaban do seu éxodo que remataría en Xerusalén. Pedro e mailos
outros caían co sono, pero, manténdose espertos, contemplaron a súa gloria e os dous homes que o acompañaban. Cando eles se arredaban, díxolle Pedro a Xesús:

- Mestre, ¡que ben que esteamos nós aquí! ¿Queres que vos fagamos tres tendas, unha para ti, outra para Moisés, e outra para Elías?

Pero non sabía o que dicía. E mentres falaba, unha nube cubriunos coa súa sombra; eles quedaron moi asustados ao entraren nela. Entón unha voz dixo desde a nube:

- Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

## *Quinto misterio:* ***A última cea de Xesús cos discípulos***

**Proclamación da palabra de Deus** 1 Cor 11, 23-26

Irmáns:

Eu recibín do Señor, e transmitinvos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar grazas, partiuno e dixo:

- Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.

Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

- Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebades, facédeo en memoria miña.

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes esta copa, anunciades a morte do Señor, ata que El volva.

**Palabra do Señor**

***Noso Pai que estás no ceo ...***
***Ave María***
***Gloria ao Pai e ao Fillo ...***

**Seguimos coas letanías que están na páxina 57**

# LADAÍÑAS DA NOSA SEÑORA, A VIRXE MARÍA

Señor, ten piedade de nós.
**Señor, ten piedade de nós**
Cristo, ten piedade de nós.
**Cristo, ten piedade de nós**
Señor, ten piedade de nós.
**Señor, ten piedade de nós**
Cristo, aténdenos.
**Cristo, aténdenos**
Cristo, escóitanos.
**Cristo, escóitanos**
Deus Pai celestial,
**Ten piedade de nós.**
Deus Fillo Redentor do mundo,
**Ten piedade de nós.**
Deus Espírito santo,
**Ten piedade de nós.**
Trindade santa, que es un so Deus,
**Ten piedade de nós.**

Santa María **Roga por nós**
Santa Nai de Deus **Roga por nós**
Santa Virxe das Virxes **Roga por nós**
Nai de Cristo **Roga por nós**
Nai da divina graza **Roga por nós**

| | |
|---|---|
| Nai da Igrexa | **Roga por nós** |
| Nai purísima | **Roga por nós** |
| Nai castísima | **Roga por nós** |
| Nai virxinal | **Roga por nós** |
| Nai íntegra | **Roga por nós** |
| Nai inmaculada | **Roga por nós** |
| Nai amable | **Roga por nós** |
| Nai admirable | **Roga por nós** |
| Nai do bo consello | **Roga por nós** |
| Nai do Creador | **Roga por nós** |
| Nai do Salvador | **Roga por nós** |
| Virxe prudentísima | **Roga por nós** |
| Virxe digna de veneración | **Roga por nós** |
| Virxe digna de loanza | **Roga por nós** |
| Virxe poderosa | **Roga por nós** |
| Virxe clemente | **Roga por nós** |
| Virxe fiel | **Roga por nós** |
| Espello de xustiza | **Roga por nós** |
| Trono de sabedoría | **Roga por nós** |
| Causa da nosa alegría | **Roga por nós** |
| Vaso espiritual | **Roga por nós** |
| Vaso digno de honra | **Roga por nós** |
| Vaso insigne de devoción | **Roga por nós** |
| Rosa mística | **Roga por nós** |
| Torre de David | **Roga por nós** |
| Torre de marfil | **Roga por nós** |
| Casa de ouro | **Roga por nós** |

| | |
|---|---|
| Arca de alianza | **Roga por nós** |
| Porta do ceo | **Roga por nós** |
| Luceiro da mañá | **Roga por nós** |
| Saúde dos enfermos | **Roga por nós** |
| Amparo dos pecadores | **Roga por nós** |
| Consolo dos tristes | **Roga por nós** |
| Auxilio dos cristiáns | **Roga por nós** |
| Raíña dos anxos | **Roga por nós** |
| Raíña dos patriarcas | **Roga por nós** |
| Raíña dos profetas | **Roga por nós** |
| Raíña dos apóstolos | **Roga por nós** |
| Raíña dos mártires | **Roga por nós** |
| Raíña dos confesores | **Roga por nós** |
| Raíña das virxes | **Roga por nós** |
| Raíña de tódolos santos | **Roga por nós** |
| Raíña concibida sen pecado orixinal | **Roga por nós** |
| Raíña asunta ao ceo | **Roga por nós** |
| Raíña do santo Rosario | **Roga por nós** |
| Raíña da familia | **Roga por nós** |
| Raíña de paz | **Roga por nós** |

Año de Deus que quitas o pecado do mundo.
**Perdóanos, Señor**
Año de Deus que quitas o pecado do mundo.
**Escóitanos, Señor**
Año de Deus que quitas o pecado do mundo.
**Ten piedade de nós**

Roga por nós, Santa Nai de Deus:

**Para que sexamos merecentes**
**das promesas de noso Señor.**

**Oremos:**

Deus, noso Pai,
pola vida, morte e resurrección do teu fillo,
noso Señor Xesucristo,
enches de alegría o mundo enteiro.
Concédenos, pola intercesión da súa Nai María,
Acadar os gozos da vida terna.
Por Cristo, noso Señor. Amén.



*CÁNTICO DA NOVENA*

**Implorando vuestro auxilio,**
**hoy acudimos a vós,**
***oh Virgen de los milagros,***
***ruega, Señora, por nós***

1º Bienvenida al Monte Medo,
Virgen pura toda hermosa,
a proteger bondadosa
a tus hijos con amor

2º Todos tu madre, te llaman
y te adoran reverentes
y entonan himnos fervientes
con entusiasmo y amor

3º Una pastora descubre
vuestra imagen peregrina
que rayos de luz divina
esparce alrededor

*4ª* Al saber que has convertido
el Medo en mansión hermosa,
acude gente ansiosa,
en demanda de favor

*5ª* Quien me diera tus prodigios
cantar con voz melodiosa,
os proclaman milagrosa
los pueblos con gran clamor

*6ª* Los pobres de estos pueblos
os piden con voz llorosa
sol y lluvia venturosa
que aseguren su labor

*7ª* Vuestro amparo solicita
la juventud estudiosa,
aplicación provechosa
y de Dios, santo temor

*8ª* A sus hijos da, María,
la pureza candorosa,
conserva flor tan hermosa
en su amante corazón

*9ª* En tus manos deposito
mi corazón este día
preséntalo, madre mía
a Jesús, tu dulce amor

# ORACIÓN

*A ti, Santa María,*
*Nosa Señora das Milagres,*
*seguidora do teu Fillo Xesús*
*guía e modelo para nós,*
*fonte de esperanza*
*e paz do corazón.*
*Hoxe invocámoste*
*con toda confianza*
*porque es a Nai,*
*que nos acompaña*
*no camiñar da vida e da fe.*
*Ti que vives no gozo*
*do Reino de Deus:*
*mira por nós, protéxenos,*
*danos xenerosidade e coraxe*
*e axúdanos a ser cada día cristiáns*
*comprometidos*
*co evanxeo de Xesús,*
*que Ti, tantas veces, anunciaches*
*con feitos e palabras.*
*A Ti, acudimos, na advocación da Nosa Señora*
*das Milagres,*
*a Ti, que xa vives*
*con Deus, noso Pai,*
*por sempre eternamente.*
*Amén.*